# CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

## OS OBXECTIVOS

### 1. . OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio dunha cidadanía democrática.

b)Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudio e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c)Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e)Desenvolver destrezas básicas no emprego das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en diversas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudio da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras dun xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e as dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k)Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l)Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

## 2. . OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA ESO.

A continuación, presentamos as táboas que relacionan os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e as competencias clave de cada curso da ESO (segundo a ORDEN ECD 65 / 2015, do 21 de xaneiro) .

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en catro bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: **comprensión de textos orais, produción de textos orais** (Bloques 1 & 2 ), **comprensión de textos escritos e produción de textos escritos** (Bloques 3 & 4). Estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

## 3. CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS NOS 4 CURSOS DA ESO

| CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS NA ESO | |
|---|---|
| **1 ESO** | Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and,too,also*); disxunción(*or*); oposición(*but*); causa (*because (of);*); finalidade (*to-infinitive;for*); comparación (*(not) as .... as*; *more dangerous(than)*;*the fastest*).<br>Afirmación(*affirmative sentences*).<br>Exclamacións (*They are very interesting!,Fine!,Great!, ...*).<br>Negación: oracións negativas con *not ,never, no (+Noun,e.g.no problem), nobody,nothing*).<br>Interrogación(*Wh- questions; Yes / NoQuestions.*).<br>Expresión do tempo: pasado (*Past Simple*); presente (*Present Simple and Continuous*); futuro(*Present Continuous* con valor de futuro, *be going to* e *will)*.<br>Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo ( *Present and Past simple*); habitual (*simple tenses(+Adv .,e.g.usually)*).<br>Expresión da modalidade:factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can*); (*must*); obriga(*must;imperative*); consello (*should*), intención (*Be going to*).<br>Expresión da existencia (*e.g.There is/are; There was/were*);cantidade (*count/uncount/collective/compoundnouns;pronouns;determiners*); calidade(*e. g.descriptive* |

| | |
|---|---|
| | *adjectives*).<br>Expresión da cantidade (*singular/plural ;cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g.some, any*).<br>Expresión da cualidade: comparative and superlativeadjectives.<br>Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).<br>Expresión do tempo (*divisions* (*e.g.century; season*),*and indications* (*ago;early;late*)*of time ;duration*(*from…to;during;untill; since*); *posteriority* (*afterwards;later*); *sequence*(*first,next,last*); *simultaneousness* (*while,as* ); *frequency* (*e.g.often, usually*).<br>Expresión do modo(*Adv. andphrasesofmanner,e.g. easily; bypost; How ...?*). |
| **2 ESO** | Expresión de relacións lóxicas :conxunción (*and,too, also*);disxunción(*or*); oposición(*but*);causa(*because(of);dueto*);finalidade(*to-infinitive;for*); comparación(*(not) as .... as*; *more beautiful(than);the fastest*); condición (*if*); *Reported Speech: Affirmative sentences;* oracións complexas*: Verb Patterns, gerunds and infinitives.*<br>Afirmación (*affirmative sentences*).<br>Exclamacións (*They are very interesting!,Lots!,Great!,No way! Are youcrazy? ...*).<br>Negación: oracións negativas con *not,never,no (+noun,e.g.noproblem), nobody,nothing*).<br>Interrogación (*Wh- questions; Yes / No Questions; What is he/she like?*).<br>Expresión do tempo: pasado (*Past Simple, Past Continuous, Present Perfect Simple*); presente (*Present Simple and Continuous*); future (*will, be going to*, *Present Simple* con valor de futuro).<br>Expresión do aspecto: punctual (*present and past continuous tenses*); durativo(*Present and Past simple*);habitual (*simple tenses(+Adv.,e.g.usually)*e *used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*); condicional (*First and Second Conditional*).<br>Expresión da modalidade :factualidade(*declarative sentences*); capacidade(*can, could*); obrigación (*have to, must, need to*); deber (*should*); intención (*be going to*).<br>Expresión da existencia(*e.g. There is / are; There was / were*);a entidade(*count/uncount/ collective/ compound nouns; pronouns; determiners*);a calidade(*e. g.descriptive adjectives*).<br>Expresión da cantidade (*singular/plural*; *cardinal and ordinal numerals. Quantity:e.g.some, any*).<br>Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position ,distance, motion ,direction, origin and arrangement*).<br>Expresión do tempo (*divisions* (*e.g.century; season*),*and indications*(*ago; early;late*) *of time*; *duration* (*from…to; during;until; since; for*); *posteriority* (*afterwards;later*); *sequence* (*first,next,last*); *simultaneousness* (*while,as*); *frequency* (*e.g.often, usually*).<br>Expresión do modo(*Adv. and phrases of manner,e.g. easily; by post; How?*).<br>Expresión do acordo: (*me too, so do I, not me, not really, that's true, definitely not…)*<br>Expresión da certeza: *(probably, definitely, maybe, not really, I'm quite sure)* |
| **3 ESO** | *Present simple & Present continuous.* Adverbios e expresións de frecuencia. Expresión da cantidade (*a, an, some, any, much, many, a lot of…*). Graos do adxectivo.*Comparative and superlative adjectives.*<br>Narración de acontecementos pasados. *Past simple & Past continuous. Used to.* Expresión temporais*: when, while, ago, before, after, then etc.*<br>Interrogación (*Wh- questions; Yes / No Questions;*<br>*Present Perfect vs Past simple. Ever, never, already, yet, just, for, since.*<br>Conectores de secuencia: *first of all, next, then, after that, afterwards, later, eventually, finally.*<br>Expresión de sucesos futuros: *present continuous, be going to, will, future continuous.* Plans e decisións momentáneas.Predicións. |

| | |
|---|---|
| | Expresión do interese, da aprobación, do desacordo, do ánimo, da esperanza,da dúbida…( *That sounds like fun!, That´s cool!, I feel the same, I don´t think so, Don´t feel bad, There´s always a next time, I can´t say for sure…*)<br>Mantemento da comunicación e organización do discurso. Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of; due to*); finalidade (*to- infinitive; for*); resultado *(so...);*<br>Formulación de condición e hipóteses. (*If, unless*)<br>*Defining relative clauses (who, which, that, whose, when, where)*<br>Formulación e petición de consellos. *( If I were you, you should / shouldn´t….)*<br>Expresión da orden, da autorización e da prohibición. Verbos modais: *must, have to, needn´t, don´t have to, mustn´t.* Expresión da abilidade e posibilidade. Verbos modais: *can, could, be able to, may, might.*<br>Voz pasiva (presente e pasado)<br>Estilo indirecto ( *statements, questions, orders, requests, suggestions*) |
| **4 ESO** | Descripción de estados e situacións presentes. Expresión do aspecto habitual e puntual. *Present simple & Present continuous. Comparative and superlative adjectives. Too, (not) enough….* A expresión da cantidade: *a, an, some, any, much, many, lots of, a lot of, how much, how many. Some, any, no compounds.*<br>Narración de acontecementos pasados. *Past simple, Past continuous & Past perfect.. Used to.*<br>Conectores de secuencia: *first of all, next, then, after that, afterwards, later, eventually, finally.*<br>Interrogación; *wh-questions; aux. questions*; Preguntas suxeito e obxeto.<br>*Present Perfect vs Past simple. Ever, never, already, yet, just, for, since.*<br>Expresión de sucesos futuros: *present continuous, be going to, will, future continuous.* Plans e decisións momentáneas.Predicións.<br>*Defining & Non-defining relative clauses (who, which, that, whose, when, where).* Oracións de relativo especificativas e explicativas.<br>Formulación de condición e hipóteses. (*If, unless*). *Type I, II, III conditionals.*<br>Voz pasiva (presente e pasado)<br>Estilo indirecto ( *statements, questions, orders, requests, suggestions*)<br>Expresión da modalidade: abilidade (*can, could, be able to*), posibilidade *(may, might*), permiso (*can, may, could*), obligación (*must, have to, needn´t, don´t have to*),<br>prohibición (*mustn´t*), consello (*should, ought to*).<br>*Gerunds and infinitives*<br>Intercambio de información persoal. Petición e ofrecemento de indicacións, opinións, consellos e advertencias.<br>Expresión da sorpresa (*That´s amazing, You really did that?...);* da queixa, do lamento (*I can´t stand…., I´m fed up with…, It bothers me…, It´s a shame…);* da aprobación ( That sounds like fun, That´s cool…); do ánimo ( *Don´t feel bad, There´s always a next time…*).<br>Respostas de agradecemento ( *It´s a pleasure, Don´t mention it…);* ante suposicións ou conxeturas ( *You´re close!, Well done!, Have another go! You´re way off!...);*<br>Conectores de secuencia: *first of all, next, then, previously, after that, afterwards, later, so then, eventually,in the end, finally.*<br>Expresións de relación lóxicas. Conectores de causa (*because (of), since, as, due to, as a result of*); de efecto (*so, therefore);* de contraste (*but, however, although, even though, despite*); de adición (*in addition, moreover, furthermore, besides, as well as*).<br>Formal language / Informal language |

## 4. CONTIDOS MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA NOS 4 CURSOS DA ESO

O alumnado debe ter dominio competencial referido ós 5 bloques de contidos.

1: Comprensión de textos orais

2: Producción de textos orais

3: Comprensión de textos escritos

4. Producción de textos escritos

5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

| | Gramaticais | Competenciais |
|---|---|---|
| **1º ESO** | Personal pronouns<br>Possessive adjectives<br>There is / are. A, an, some, any<br>Present simple. Adverbs of frequency.<br>Present continuous.<br>Past To be. There was / There were | Comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades de aula ou gravados en diferentes soportes multimedia.<br>Produción de mensaxes orais curtas con estrutura lóxica e que non impida a comunicación.<br>Participación en conversas breves e sinxelas controladas dentro da aula, espontáneas e /ou simulacións relacionadas con experiencias e intereses persoais.<br>Comprensión xeral e identificación de información específicas en distintos tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados.<br>Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada.<br>Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas. |
| **2º ESO** | Saxon genitive. Possessives.<br>Object pronouns<br>Present simple / continuous<br>Past simple<br>Comparison of adjectives | Comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades de aula ou gravados en diferentes soportes multimedia.<br>Produción de mensaxes orais curtas con estrutura lóxica e que non impida a comunicación.<br>Participación en conversas breves e sinxelas controladas dentro da aula, espontáneas e /ou simulacións relacionadas con experiencias e intereses persoais.<br>Comprensión xeral e identificación de información específicas en distintos tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados.<br>Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada.<br>Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas. |
| **3º ESO** | Present simple / continuous<br>Past simple / continuous<br>Present Perfect<br>1st / 2nd Conditional<br>Modal verbs<br>Relatives. Defining | Comprensión global e específica de textos orais, de progresiva dificultade, cara a cara ou emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos pronunciados con lentitude e claridade.<br>Produción oral de descricións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.<br>Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.<br>Comprensión global e específica de textos auténticos, en soporte papel ou dixital, sobre temas cotiás de interese xeral e relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br><br>Produción guiada de textos sinxelos e estruturados con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre |

| | | |
|---|---|---|
| | | idas.<br>Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico de interese persoal e xeral sobre temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>Utilizar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, comunicarse e cooperar na lingua estranxeira.<br>Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas. |
| **4º ESO** | Present simple / continuous<br>Past simple / continuous<br>Past simple / present perfect<br>Futures: will / be going to<br>1st / 2nd / 3rd Conditionals<br>Modal Verbs<br>Relatives. Defining / Non- defining | Escoita, identificación e comprensión xeral e específica de conversas interpersoais sinxelas sobre temas coñecidos, presentados de forma clara e organizada co fin de contestar no momento a preguntas e cuestións que se poidan plantexar.<br>Produción oral de descricións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.<br>Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.<br>Comprensión global e específica de textos auténticos, en soporte papel ou dixital, sobre temas cotiás de interese xeral e relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>Composición de textos diversos, con léxico axeitado ao tema e ao contexto, cós elementos necesarios de cohesión para marcar con claridade a relación entre as ideas.<br>Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico de interese persoal e xeral sobre temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>Utilizar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, comunicarse e cooperar na lingua estranxeira.<br>Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas. |

### 12.1. Instrumentos e procedementos de avaliación.

En tódolos cursos da ESO haberá en cada avaliación a lo menos **unha** proba. A nota final verase complementada por tódolos datos que o profesor teña recollidos ao longo do trimestre no caderno do profesor: probas de revisión despois de cada unidade, tarefas na clase e na casa e calquera tipo de traballo comendado polo mestre.

| Procedementos | | Instrumentos |
|---|---|---|
| Probas escritas | Gramática e Vocabulario<br>**Grammar & Vocabulary** | Encher ocos<br>Construír oracións con palabras dadas<br>Facer preguntas para respostas<br>Transformacións |
| | Lectura comprensiva<br>**Reading Comprehension** | Preguntas sobre o texto<br>V / F xustificando respostas<br>Resumes<br>Localización de sinónimos ou antónimos |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| | Redacción **Writing** | Tema con vocabulario e estruturas traballados na aula. |
| Audicións **Listenings** | | Elección múltiple<br>Preguntas abertas<br>V / F xustificando respostas |
| Probas Orais **(Speaking)** | | Descrición de fotos<br>Conversa en parellas<br>Exposición dun tema ben na clase ou ben a través dunha gravación feita noutra contorna escollida polo alumnado |

## 12.2. Criterios de avaliación e cualificación

| **Criterios de cualificación 1º, 2º,3º e 4º ESO** | | |
|---|---|---|
| **1 PROBA**<br>**(ao final do trimestre)**<br>**80%** | Grammar and vocabulary (tests de progreso despois de cada unidade) | 40% |
| | Reading | 15% |
| | Writing | 15% |
| | Listening | 15% |
| | Speaking (entrevista, conversas en parella ou gravación dun video o audio, etc) | 15% |
| **VARIOS**<br>**20%** | Tarefas escritas, traballos individuais, por parellas e en grupo feitos na clase, homework, libreta etc. Os traballos serán manuscritos agás no caso dun confinamento. Neste caso os traballos serán entregados polo Aula Virtual en formato dixital. | 20% |

Coa ponderación que amosamos no cadro previo, pretendemos darlle ao alumnado un gran número de posibilidades para que sexan capaces de aprobar a materia, reforzando así a súa autoestima e fortalecendo a súa capacidade comunicativa. Esta información compartímola co alumnado na primeira semana de clase.

- Non haberá exames de recuperación en cada avaliación nin exame final de curso.
- A nota da terceira avaliación coincidirá coa nota da avaliación ordinaria.

- No caso de suspender a materia na terceira avaliación en xuño, o alumno deberá **presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño** onde **o 100% da nota será a puntuación acadada no exame.**
- No caso de que algún alumno opte polo uso de métodos deshonestos, tales como copiar doutro compañeiro, de apuntes, libros, chuletas, dispositivos electrónicos ou a través doutros medios para a realización de calquera proba e fose detectado polo profesor, poderá obter un cero nesa proba.
- Se o alumno ten perda do dereito de avaliación continua fará un único exame na terceira avaliación  na semana de exames proposta pola Xefatura de Departamento.
- No caso de non asistir a un exame será necesaria a presentación dun xustificante (segundo está establecido no Regulamento do Réxime Interior do Centro) para que se lle poida repetir a proba.
- Dende o departamento se considera que o **aprobado se sitúa no 5. Calcúlase a nota redondeando dende o 0,5 para pasar á unidade seguinte.**

## 12.4. Recuperación da materia pendente

Debido ao carácter progresivo dos contidos da materia de lingua estranxeira é norma do Departamento de Inglés que ós alumnos da ESO que superen como mínimo a 2ª avaliación do curso no que estean matriculados quédelles aprobada a materia pendente(s). De calquera xeito, tódolos alumnos que non acadasen os obxectivos mínimos nestas probas farán un exame extraordinario durante o mes de maio e outro no mes de xuño. Tamén poderán recuperar a(s) materia(s) se aproban o curso no que están matriculados en xuño.

Polo tanto os alumnos coa materia de **INGLÉS PENDENTE** poderán recuperala dos seguintes xeitos:

1. **Aprobando como mínimo segunda avaliación do curso presente.**
2. **Aprobando o exame de pendentes en maio.**
3. **Aprobando o curso presente en xuño.**
4. **Aprobando o exame de pendentes en xuño.**

O profesor poderá guiar ao alumno, se así o quixese, coa entrega regular de material de repaso que será entregado ao docente nunhas datas determinadas. Deste xeito o alumno preparará a materia pendente coa axuda necesaria para poder adquirir os estándares de aprendizaxe avaliables propostos como básicos polo Departamento.

A partir do **segundo trimestre**, dende o departamento elaboraremos diversos boletíns de exercicios que os estudantes deberán facer e entregar nos prazos indicados. Todos aqueles estudantes que deban presentarse aos exames de pendentes de maio (por non ter aprobadas a primeira e segunda avaliación) poderán sumar un punto á nota do exame se entregaron **TODOS** os boletíns cun nivel esperado. O feito de non entregar un ou máis boletíns implica que non se sumará ningún punto e que a nota dependerá só do exame. Isto aplicarase só ao exame de maio, pois no exame de xuño a nota dependerá soamente do exame de pendentes.